

DECRETO NÚM.:

ASUNTO:  
CONVOCATORIA CONCELLO PLENO SESIÓN EXTRAORDINARIA**Motivación celebración sesión extraordinaria:**

Logo de ver que é necesario o pronunciamento do Pleno do Concello sobre a elección do xuíz de paz substituto xa que pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, mediante escrito de data 01/06/2018, rexistro de entrada núm. 2946 do 06/06/2018, acordouse oficiar a este Concello para iniciar novo expediente para dita elección no prazo de tres meses tal como establece o artigo 101.4 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e de non facelo nomearíase directamente por esa Sala.

Logo de ver que á altura do exercizo económico non foi aprobado o orzamento municipal para o ano 2018 e que é necesario darlle cobertura ó gasto realizado.

Logo de ver que é necesario realizar un gasto específico para o que non existe crédito suficiente no vixente orzamento e non pode demorarse para o exercicio seguinte.

Logo de ver que os Concellos que se acollan á iniciativa "Doing Business Galicia", veranse beneficiados das diferentes medidas promovidas pola Xunta de Galicia coa finalidade de alcanzar o obxectivo de favorecer e fomentar a implantación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

E non podendo esperar estes asuntos a estudarse na próxima sesión ordinaria da Corporación municipal.

Enterada da relación de expedientes e vistos os artigos 77 e seguintes do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidade Locais (en adiante ROF), e demais lexislación concordante,

Dende hoxe ten á súa disposición na secretaría xeral os antecedentes de que dispoña esta funcionaria relacionados cos asuntos que figuran na orde do día.

**RESOLVO**

**Primeiro.-** Convocar a **SESIÓN EXTRAORDINARIA do CONCELLO PLENO** o día **10 DE AGOSTO DE 2018 (VENRES)**, ás **09:30 horas (NOVE E MEDIA DA MAÑÁ)**, en primeira convocatoria, a celebrar no **SALÓN DE PLENOS DA CASA DO CONCELLO**, coa seguinte

**ORDE DO DÍA**

Nº	ASUNTO/S
1	ELECCIÓN XUIZ DE PAZ SUBSTITUTO
2	APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO MUNICIPAL 2018
3	CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2018 CE-CONCELLO PLENO
4	RATIFICACIÓN DO DECRETO DA ALCALDÍA NÚM. 965 DO 27/07/2018, REFERENTE A "ADHESION INICIATIVA <<CONCELLOS DOING BUSINESS GALICIA>>, DE ACORDO AO PROTOCOLO XERAL DE ACTUACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEGAMP PARA FOMENTAR A IMPLANTACIÓN E FIXACIÓN DE EMPRESAS EN GALICIA MEDIANTE A CREACIÓN DA INICIATIVA "CONCELLOS DOING BUSINESS GALICIA"

De acordo co artigo 90 do ROF, no caso de non existir quórum suficiente en primeira convocatoria (un tercio do número legal de membros da corporación), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días máis tarde.

**Segundo.-** Pola secretaría levaranse a cabo os trámites necesarios para a notificación dos membros da Corporación municipal, que deseguido se relacionan:

NOME E APELIDOS	GRUPO POLÍTICO
FRANCISCO JOSÉ AMEIJERAS ALVAREZ	TEGA
MIGUEL CAAMAÑO ESPASANDIN	PSdeG-PSOE
ESTEFANÍA CALVELO MUÑIZ	PSdeG-PSOE

SILVIA CANCELA BLANCO	TEGA
MARÍA ESTHER ESPASANDÍN TURNES	PP
JAVIER FACAL CALVO	TEGA
JOSÉ GARCÍA SUÁREZ	PP
MARÍA ISABEL GESTO GESTO	PSdeG-PSOE
JUAN CARLOS PÉREZ GERPE	PP
JOSÉ POSE PAZOS	PP
MARIA JOSEFA POSE RODRÍGUEZ	PP
JOSÉ ANTONIO UCHA VELO	PSdeG-PSOE
PATRICIA VAL ANTELO	PSdeG-PSOE

Esta resolución notifícarase en cumprimento do artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa indicación que:

Esta resolución, ao abeiro do art. 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa e contra ela poderá optar por:

a) Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición perante este órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, nos termos dos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou directamente, poderá interporse recurso contencioso administrativo, ante os xulgados do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses contados desde a resolución expresa do recurso de reposición ou 6 meses dende a súa resolución presunta. No caso de interporse o recurso contencioso-administrativo directamente, o prazo será de dous meses contados dende a notificación deste acto.

c) O recurso extraordinario de revisión, de acordo co art. 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

Santa Comba,  
A alcaldesa

Mª Josefa Pose Rodríguez